



Ilustración de oonrunner Design Ltd., National Geographic

O Bosón de Higgs, tamén coñecido como "Partícula de Deus" foi teorizado polo físico Peter Higgs nos anos 60. A súa teoría determina a existencia dun campo de enerxía que abarca todo o universo e fai que as partículas inmersas nel teñan masa. Este campo é chamado Campo de Higgs.

O Bosón de Higgs é o compoñente máis pequeno deste campo. Do mesmo xeito que un fotón é o compoñente elemental da luz, a partícula sería o compoñente elemental da materia.

O asombroso é que este campo estaría presente en todo o universo.

O campo pódese explicar imaxinando que estamos mergullados en auga. Dentro dela sabemos que está por todos lados e tamén sabemos que está composta por moléculas que crean un fluxo continuo no mundo subatómico. Do mesmo xeito o Bosón de Higgs é o compoñente que permite exista todo o que a auga, na nosa analogía, rodea.

Teorizouse que as partículas subatómicas, ao interactuar co Bosón de Higgs, obtieñen a súa masa. Daí o nome de Partícula de Deus, pois é o elemento esencial para a creación da masa. Sen ela non habería nada. Intentouse comprobar esta teoría no "colisionador de hadróns", que é un acelerador de partículas subatómicas. Nel logrouse mediante experimentos que as partículas choquen a grandes velocidades, para recrear así (aínda que sexa por unha milésima de segundo), o baleiro inicial de toda a materia, a denominada antimateria, que permitiría comprobar a existencia do Bosón de Higgs, esencia de todo.

Segundo os recentes descubrimentos, a comunidade científica confirma que esta teoría esta comprobada nun 99% e que, de confirmarse, sería o logro máis importante da física moderna.